SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Xacobeo 2027

OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2025

Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCIÓNS:

1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.

2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro **"Galego"** entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".

3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.

4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.

5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.

6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.

7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:www.sergas.es , logo de finalizados os tempos de exame.

LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCIÓNS

QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS

PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO

00377723332783412100049639196321414084161

00377723332783412100049639196321414084161

1. Indique cal das seguintes non é unha acepción de "xesta":

A) Arbusto bravo da familia das leguminosas, con moitas pólas delgadas e flexibles, follas pequenas e escasas, e flores amarelas ou brancas, do que existen varias especies.

B) Vasoira feita de pólas de xesta.

C) Proceso de formación e desenvolvemento do embrión nas femias vivíparas.

D) Feito heroico.

2. Indique cal das seguintes series está escrita correctamente:

A) hovo, hóso, ombro, irmán

B) ovo, óso, ombro, irmán

C) ovo, óso, hombro, hirmán

D) hovo, hóso, hombro, hirmán

3. Só unha das catro seguintes series é correcta ortográficamente:

A) oxe, velaí, honte, onrar

B) hoxe, velahí, honte, honrar

C) oxe, velaí, onte, onrar

D) hoxe, velaí, onte, honrar

4. Indique cal dos seguintes non é sinónimo de "orballo":

A) Babuña

B) Chuvisca

C) Poalleira

D) Graínzo

5. Os vocábulos "vello" e "novo" son entre sí:

A) Homónimos

B) Antónimos

C) Sinónimos

D) Pertencen á mesma familia léxica

6. Sinale cal das seguintes asociacións masculino-feminino é incorrecta:

A) irmán-irmá

B) arousán-arousá

C) orfo-orfa

D) león-leona

00377723332783412100049639196321414084161

7. Ferida aberta no interior ou no exterior do corpo, que xeralmente segrega pus:

A) Iaga

B) Xaga

C) Chaga

D) Llaga

8. Indique cal dos seguintes non é sinónimo de "abafante":

A) Asfixiante

B) Sufocante

C) Atafegante

D) Decepcionante

9. Molécula ou organismo que actúa como antíxeno, utilizado para producir inmunización preventiva:

A) Vacariza

B) Vaccea

C) Vacina

D) Vacuna

10. Das seguintes series, indique cal é correcta ortográficamente:

A) abelá, baleirar, vasoira, avoa

B) abelá, baleirar, basoira, aboa

C) avelá, valeirar, vasoira, avoa

D) avelá, valeirar, basoira, aboa

Preguntas de reserva

11. Líquido amarelo que se forma nos riles, se acumula na vexiga e se expulsa posteriormente pola uretra:

A) Orina

B) Ourina

C) Ouriños

D) Ourinos

12. Extremo dun cigarro que queda sen fumar:

A) Colilla

B) Coliña

C) Colillo

D) Cabicha

00377723332783412100049639196321414084161

00377723332783412100049639196321414084161

00377723332783412100049639196321414084161